

ficha de participación

NOME

APELIDOS

DIRECCIÓN

CORREO ELECTRÓNICO

TELÉFONO FIXO

TELÉFONO MÓBIL


SUMA TOTAL DOS TICKETS/FACTURAS
QUE ACOMPAÑAN ESTA FICHA DE PARTICIPACIÓN

ACEPTACIÓN DAS BASES DOS SORTEOS

Coa sinatura desta ficha autorizo ao Concello de Vedra ao tratamento dos datos recollidos nela para os fins do sorteo.

Sinatura

hai  Vedra
ti sumas
SORTEOS



eu ofrezo ti mercas él / ela colabora
nós comprometémonos vós confiades; Vedra mellora



Concello de Vedra

bases de participación

ENTIDADE ORGANIZADORA:

O Concello de Vedra con motivo desta situación de emerxencia pon en marcha unha campaña co obxectivo de potenciar e impulsar ás empresas, autónomos e comercios locais estimulando as compras/gastos no municipio.

TEMPORALIZACIÓN:

A acción promocional "Hai Vedra, ti sumas" desenvolverase entre o 1 de xullo e o 15 de agosto de 2020.

PREMIOS:

Sortearanse vales de compra para gastar nas empresas/comercios do Concello de Vedra. O gasto pode realizarse en calquera negocio, servizo e sector, salvo en produtos de alimentación, dado que este sector se viu reforzado durante esta crise sanitaria.

- 10 vales de compra de 100 €
- 20 vales de compra de 50 €
- 50 vales de compra de 30 €
- 100 vales de compra de 20 €

MECÁNICA:

Por cada 200 € de compras/gastos en empresas e comercios do Concello de Vedra; acreditadas con tickets ou facturas, durante o período do 1 de xullo ao 15 de agosto de 2020; as persoas que o desexen poderán participar nos sorteos enriba indicados.

Para iso, deberán introducir os tickets/facturas (pode ser copia) de compra/gasto no modelo de sobre da campaña e a ficha que se xunta, reenchendo os datos persoais; e depositalo nas urnas habilitadas nos negocios locais que teñan atención ao público (comercios, bares, salóns de peiteado..)

Cada persoa poderá depositar nas urnas tantos sobres de participación completos como considere oportuno, é dicir, pode participar no sorteo durante o período da campaña cada vez que acumule compras/gastos en empresas locais por valor de 200 €.

Consideraranse como nulos, de cara á súa participación no sorteo, aqueles sobres que non faciliten a totalidade dos datos persoais requeridos ou non acaden a cantidade de 200 € en tickets ou que estes estean fóra do período establecido, é dicir, do 1 de xullo ao 15 de agosto de 2020, ambos inclusive.

ELECCIÓN DOS/AS GAÑADORES/AS

Os sorteos celebraranse, o día 21 de agosto de 2020 ás 12:00 h. nun local municipal que se indicará no seu momento, sendo abertos ao público. (O Concello de Vedra como entidade organizadora resérvase a posibilidade de modificar ditas datas por causas de forza maior).

Os sorteos realizaranse comezando polos vales de maior a menor valor. Extraeranse un total de 180 sobres + 20 sobres de reserva para os casos de non reclamación do premio/vale ou a imposibilidade de localización ou renuncia das persoas agraciadas; no prazo de 30 días naturais desde a publicación do resultado do sorteo.

En ningún caso, unha mesma persoa poderá resultar gañadora de máis de dous vales de compra.

COMUNICACIÓN A PREMIADOS/AS

O Concello de Vedra publicará os nomes das persoas gañadoras na súa páxina web e no Facebook municipal o día 25 de agosto.

ENTREGA DE VALES DE COMPRA

A entrega dos vales de compra ás persoas gañadoras terán lugar nun local municipal que se indicará no seu momento, os días e horas que a continuación se indican:

- Venres 28 de agosto 2020 de 10:00 a 14:00 h. e de 18:00 a 20:00 h.; os 10 vales de compra de 100 €, os 20 vales de compra de 50 € e os 50 vales de compra de 30 €.
- Luns 31 de agosto de 2020 de 10:00 a 14:00 h. e de 18:00 a 20:00 h.; os 100 vales de compra de 20 €.

UTILIZACIÓN DOS NOMES DAS PERSOAS GAÑADORAS

Como indicamos, o Concello de Vedra publicará a relación de persoas premiadas nos sorteos. Polo tanto, os/as gañadores/as dos premios, pola aceptación das bases do presente sorteo autorizan ao Concello de Vedra a difundir públicamente o seu nome e apelidos, en calquera medio ou soporte a efectos publicitarios.

COMUNICACIÓN DA CAMPAÑA

A campaña será comunicada a través dos medios que habitualmente utiliza o Concello de Vedra: folletos, cartelería, boletín municipal, prensa, radio...

ACEPTACIÓN DAS BASES

As persoas participantes, polo feito de participar na presente campaña, aceptan as súas bases e o criterio do Concello de Vedra, en canto á resolución de calquera cuestión derivada dos sorteos.

Calquera manifestación de non aceptación da totalidade ou parte das bases implicará a exclusión do participante, e como consecuencia diso o Concello de Vedra quedará liberado do cumprimento das obrigas contraídas coa persoa participante.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Poderá participar na presente campaña calquera persoa física, maior de 18 anos cumpridos no momento de participar.

Todos os sobres recibidos pasan a ser propiedade do Concello de Vedra.

TRATAMENTO DE DATOS

O Concello de Vedra como responsable do tratamento, informa que os datos de carácter persoal que as persoas participantes nos proporcionen coa ocasión da participación na presente campaña, nome, apelidos, dirección, correo electrónico e teléfono serán tratados coa finalidade de xestionar o desenvolvemento da presente campaña e da entrega dos premios.

Os datos das persoas participantes que non resultaron gañadoras, serán destruídos unha vez finalizado o sorteo, permanecendo os datos das persoas gañadoras nun ficheiro cuxo responsable é o Concello de Vedra coa finalidade de xestionar a entrega de premios.

A base legal para o tratamento descrito deriva do consentimento do participante outorgado mediante a sinatura da correspondente ficha e aceptación das bases do concurso.